



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002221

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Modificación do Plan normativo 2025

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece o art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevexan aprobar para o ano seguinte. Unha vez aprobado o Plan deberase publicar no Portal de Transparencia do Concello de Sada. O Concello aprobou por resolución de alcaldía núm. 546/2025, do 20.03.2024 o Plan normativo anual 2025.

Tendo en conta que segundo o acordado polo pleno municipal na sesión do 30.10.2025 é preciso proceder á modificación e actualización da normativa existente de Regulamento especial de honras e distincións, cómpre adecuar o procedemento á normativa e incluír no dito Plan a modificación do dito regulamento.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o plan anual normativo 2025 do Concello de Sada, incluíndo no apartado de modificación de ordenanzas/regulamentos o Regulamento especial de honras e distincións.

Segundo.- Publicar a presente resolución no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.